

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 14 DE FEBREIRO DE 2022

1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2022/00007157Z.

Aprobación de actas de sesións anteriores.

Apróbanse as actas correspondentes ás seguintes sesións:

- Ordinaria de data 7 de febreiro de 2022.
- Extraordinaria e urxente de data 8 de febreiro de 2022.

2. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2021/00010922D.

Aceptar cesion de viario e licenza de segregación.

Acórdase:

Primeiro: Aceptar a cesión de viario formalizada na Escritura pública de data 26/10/2021, outorgada ante o Notario co número de protocolo dous mil oitenta e tres. Deberase presentar a escritura liquidada no prazo dun mes.

Segundo: Conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto de data de visado do 04/03/2021, a segregación de parcela situada no Lg.Montevila, s/n – A Peregrina Santiago de Compostela (A Coruña), Parcela Referencia Catastral, nas seguintes parcelas de resultado:

.- PARCELA RESULTADO 1. Solo Clasificado Urbano Categoría Consolidado Cualificado Ordenanza 6.

Vivenda unifamiliar extensiva. Superficie Neta 729,00 m2.

.- PARCELA RESULTADO RESTO FINCA MATRIZ. Solo Clasificado Urbano Categoría Consolidado Cualificado Ordenanza 6. Vivenda unifamiliar extensiva. Superficie Neta 729,00 m2.

.-CESIÓN 130,00 m2.

As licenzas entenderanse outorgadas salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro.

Faise constar que presente segregación informase a partir dos datos reais resultantes do levantamento topográfico (Superficie Bruta 1.588,00 m2s) sen perxuízo das consecuencias rexistras que elo conleve para o interesado.

3. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2021/00014720N.

Licenza de obra maior.

Acórdase conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico visado o 26/03/2021 e o proxecto de execución de data de visado do 26/07/2021 e a documentación presentada o 03/12/2021 e o 10/01/2022, cun orzamento de execución material de 149.850,00 €, a construción dunha vivenda unifamiliar illada situada no Agro das Lamas Santiago de Compostela (A Coruña).

4. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2021/00048482X.

Licenza de obra maior.

Acórdase conceder a CD CONSTRUCCION REHABILITACION Y REFORMAS SLU licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto técnico presentado na data 29/10/2021 cun orzamento de execución material de 31.442,61 €, a eliminación de barreiras

arquitectónicas no edificio situado na Rúa República Arxentina, 48 Santiago de Compostela (A Coruña).

5. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2021/00033364A.

Licenza de obra maior.

Acórdase CONCEDER a PAPELERA DE BRANDIA S.A., licenza de obras de demolición de nave destinada a vestiarios na RÚA PASEO DA AMAIA, 2, achegando Proxecto técnico co visado do COAG de data 28/06/2021, cun orzamento de execución material de 2.800 €. As actuacións consistirán na demolición de nave de planta baixa de 71,60 m².

A edificación está situada en solo clasificado como urbano no PXOM vixente e cualificado coa ordenanza 10 de actividades do PXOM.

6. LICENZAS DE APERTURA. Referencia: LAP/160/2020.

Licenza de obras de rehabilitación para albergue turístico na RÚA MEIXONFRIO, 6.

Acórdase CONCEDER a THE VILLAGE HOUSE, C.B., licenza de obras de rehabilitación de edificación para albergue turístico na RÚA MEIXONFRÍO, 6, segundo Proxecto técnico con visado do ICOIIG de data 25/03/2020, e anexos de data 21/12/2020, 18/06/2021 cun orzamento de execución material de 61.250 €.

As obras consisten en rehabilitación de edificación existente de dous plantas e baixo cuberta (B+1+BC), para uso de albergue, cunha ocupación en planta de 137 m², superficie construída total de 323,50 m² (265,85 m² superficie útil).

A edificación está situada en solo clasificado como urbano no PXOM vixente e cualificado coa ordenanza 11 de núcleo tradicional incorporados ao solo urbano.

7. EXPROPIACIÓNS. Referencia: 2021/00056570W.

Inadmisión de reclamación.

Acórdase inadmitir a pretensión indemnizatoria D. J.A.N.por suposta ocupación da parcela expropiada 224 do polígono 191 do PE-7R

8. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00051813Y.

Devolución de fianza "Servizo de "saúde paso a paso" nos centros socioculturais do Concello de Santiago de Compostela" . CON/41/2019.

Acórdase autorizar a devolución da fianza constituída pola empresa, *EULEN SA*, por importe de 1.688,67 euros (Avalista: SOLUNION SEGUROS COMPAÑIA INTERNACIONAL DE SEGUROS Y REASEGUROS, SA. para responder do contrato de "Servizo de "saúde paso a paso" nos centros socioculturais do Concello de Santiago de Compostela".

9. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00024117W.

Autorizar ao abeiro do disposto no artigo 195.2 da LCSP a ampliación do prazo da execución das obras dos novos aseos públicos na Avda. de Raxoi en Santiago de Compostela ata o 20/03/2022.

Acórdase autorizar, ao abeiro do disposto no artigo 195.2 da LCSP, a ampliación do prazo da execución das obras dos novos aseos públicos na Avda. de Raxoi en Santiago de Compostela ata o 20/03/2022

10. CIRCULACIÓN E SEGURIDADE CIDADÁ. Referencia: 2022/00003129B.

Transmisión mortis causa da licenza de taxi Nº 131.

Acórdase autorizar a citada licenza de taxi deste Concello, por falecemento do pai da persoa solicitante, titular legal da mesma.

11. EDUCACIÓN. Referencia: 2022/EDU0001.

Aprobación dos procedementos de reserva, admisión e matrícula nas escolas infantís municipais de Conxo, as Fontiñas e Meixonfrío-Salgueiriños para o curso 2022-2023.

Apróbanse os procedementos de reserva, admisión e matrícula nas Escolas Infantís Municipais de Conxo, As Fontiñas e de Meixonfrío-Salgueiriños para o curso 2022-2023.

Se houbese algún cambio na normativa da Xunta de Galicia que poida ser de aplicación ou afecte ás escolas infantís municipais con posterioridade ao acordo desta Xunta de Goberno Local, esa norma sería de aplicación e de cumprimento obrigado tanto para os usuarios como para a empresa adxudicataria da xestión das escolas infantís.

O prazo de presentación de solicitudes do procedemento de reserva de praza e traslado do alumnado actual e, dos/as traballadores/as das E.I.M de Conxo, As Fontiñas e Meixonfrío-Salgueiriños será entre os días 1 e 10 de marzo de 2022 (ambos os dous inclusive). As solicitudes presentaranse segundo o modelo normalizado “Solicitud de reserva de praza nas escolas infantís municipais” ben por medios electrónicos ou de xeito presencial, solicitando cita previa, no Rexistro xeral do Concello de Santiago (Rúa Presidente Salvador Allende 4, Galeras) ou mediante calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

Unha vez rematado o período de presentación de solicitudes e revisadas as reservas de praza se procederá o día 15 de marzo de 2022 á exposición pública na páxina web municipal e nos taboleiros de anuncios das escolas infantís municipais, a lista de reservas e traslados e o número de prazas vacantes por unidades.

O prazo de presentación de solicitudes de novo ingreso será do 16 de marzo ao 16 de abril de 2021. As solicitudes de novo ingreso presentaranse segundo o modelo normalizado “Solicitud de ingreso en escolas infantís municipais” ben por medios electrónicos ou de xeito presencial, solicitando cita previa, no Rexistro xeral do Concello de Santiago (Rúa Presidente Salvador Allende 4, Galeras) ou mediante calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

12. EDUCACIÓN. Referencia: 2022/EDU002.

Aprobación de apertura dos prazos de reserva de praza, solicitudes de admisión e matrícula na Escola Municipal de Música para o curso escolar 2022-2023.

Apróbanse os procedementos e apertura dos prazos de reserva de praza, solicitudes de admisión e matrícula na Escola Municipal de Música para o curso escolar 2022-2023.

Datas:

A) Renovación de praza e matrícula no curso escolar 2022-23 para o alumnado matriculado actualmente: Renovación de praza para alumnos/as matriculados en cursos anteriores.

1. O alumnado que finaliza música e movemento e ten que elixir instrumento (Plan e educación xeral PEX): inscrición na EMM dende o 21 ao 25 de marzo de 2022.

a) O profesorado de iniciación musical II (alumnado de 2º de educación primaria) axudaralles ás familias, a través de correo electrónico ou por medio de titorías realizadas por videochamada, a resolver dúbidas para o procedemento de elección de instrumento, de acordo coas especialidades que se ofrecen e as prazas dispoñibles.

b) O 21 de marzo a EMM publicará no taboleiro de anuncios o número de prazas dispoñibles de instrumento para este alumnado. Dita información será remitida vía correo electrónico ás familias xunto co correspondente impreso de preinscrición onde sinalarán por orde de preferencia, o seu interese ata en 2 especialidades distintas.

Esta modalidade educativa de PEX inclúe: instrumento, linguaxe musical e agrupación. Realizada esta petición de preinscrición poden darse as seguintes casuísticas:

b.1) Se se obtén a praza solicitada, o alumno ou alumna incorpórase ás listas xerais de renovación por especialidade.

b.2) Se hai máis solicitantes que prazas dispoñibles, o 7 de abril realizarase un sorteo público interno, a través da plataforma Zoom, onde os solicitantes de praza participarán coa 1ª opción. De resultas deste proceso poden darse os seguintes supostos:

b.2.1) Se se obtén por sorteo a praza solicitada, o alumno ou alumna incorpórase ás listas xerais de renovación da EMM.

b.2.2) De non obter praza, o alumno ou alumna ten a opción de matricularse nas dúas materias xa mencionadas (linguaxe musical e agrupación) á espera dunha vacante no instrumento elixido, ou pode volver solicitar praza noutra especialidade instrumental no período de preinscrición para o novo alumnado.

Os procesos de renovación de praza e fixación de horarios para o vindeiro curso escolar 2022/2023 realizaranse do 25 de abril ao 5 de maio de 2022.

O alumnado PEX/PEPA matriculado en dúas materias (teórica e agrupación) con interese en optar a praza de instrumento, unha vez finalizada a elección de instrumento do alumnado de 7 anos que finaliza a etapa da Escola Infantil de Música e inicia o Plan de Estudos Xeral (PEX) no vindeiro curso 2022-23, e no suposto de que quedasen prazas vacantes, terá a oportunidade de optar a unha destas vacantes.

Mércores 20 de abril de 2022: publicación de vacantes ás que pode optar o alumnado de PEX/PEPA matriculado en dúas materias (que ata o momento non conta con praza de instrumento). Dita información remitiráselle por correo electrónico xunto co formulario de inscrición.

Preinscrición: do 20 de ao 21 de abril de 2022

22 de abril de 2022: sorteo de prazas (no caso de que sexa necesario) ou confirmación directa de praza.

2. Renovación de praza do alumnado de música e movemento (de 3 a 6 anos):

Do 25 de abril ao 5 de maio, enviaráselle por correo electrónico ás familias o formulario de renovación de praza onde figurarán os datos do alumno ou alumna, así como o horario asignado pola propia EMM para o vindeiro curso escolar. As familias deben revisar e confirmar que estes datos son correctos e entregar asinado dito impreso ao enderezo electrónico indicado (data límite: 5 de maio).

3. Renovación de praza do alumnado do Plan educativo xeral (PEX) e alumnado do Plan educativo para persoas adultas (PEPA):

A EMM realizará o día 7 de abril un sorteo público interno a través da plataforma Zoom coa presenza dunha persoa responsable legal do alumnado do PEX ou PEPA, ademais do equipo directivo. Neste sorteo escollerase a letra que sinale a orde alfabética (inicial do primeiro apelido) que cumpra seguir na renovación da matrícula e na elección horaria para o instrumento que se ha elixir no curso escolar 2022-23. Para a orde de elección de horario das clases individuais procederase do seguinte xeito:

- Escollerase por sorteo unha letra.
- Comezarán a elixir o horario aquelas familias que contan con máis membros da unidade familiar matriculados na EMM.
- No caso de unidades familiares con semellante número de membros, a escolla comezará por rigorosa orde alfabética a partir da letra extraída.

Dito procedemento unicamente fai referencia á elección de horario de clase individual de instrumento. Os horarios, tanto da parte teórica como de agrupación, serán asignados pola EMM, por motivos pedagóxicos e de organización.

Na páxina web da EMM, www.emmsantiagodecompostela.com e na web municipal www.santiagodecompostela.gal, expoñerase a acta do sorteo e as listaxes coa data e hora para elixir horario. Dita información tamén será remitida por correo electrónico ao alumnado e familias.

Durante a elección de horario, que se realizará a través da plataforma zoom, confirmaranse os datos do/a alumno/a e remitirase a través de correo electrónico para que poida ser cuberto e asinado o correspondente impreso de matrícula, así como a actualización da ficha médica, a autorización de dereitos de imaxe de cada alumno ou alumna, título de familia numerosa (a quen corresponda) e a autorización de saída do centro dos menores de idade e demais documentación referente á aceptación das medidas de prevención asumidas durante a pandemia.

Permitirase a modificación horaria no caso de incompatibilidade coa xornada escolar (nos apartados 2 e 3). Para outras casuísticas, pódese solicitar o cambio de horario por escrito e agardar a confirmación da EMM. Atenderanse as peticións, de ser posible, de acordo coa seguinte prioridade:

- 1) Compatibilizar horarios de irmáns matriculados no centro.
- 2) Agrupar as materias do propio alumno/a en 2 días.
- 3) No suposto de ter varios casos coas mesmas características, a letra que saia como resultado do sorteo do día 7 de abril, determina a orde na que se terán en conta as peticións.

B) Preinscrición e matrícula de novo alumnado para o curso escolar 2022-23:

1. Os prazos oficiais de preinscrición e matrícula, aprobados pola Xunta de Goberno Local publicaranse no taboleiro da EMM, na páxina web do Concello de Santiago (www.santiagodecompostela.gal) e na web da EMM (www.emmsantiagodecompostela.com), segundo o seguinte procedemento:

A exposición de prazas vacantes (1ª convocatoria) publicarase o 12 de maio de 2022. Unha vez que o alumnado da EMM renove a súa praza para o curso escolar 2022-23, o centro publicará no seu taboleiro de anuncios, na súa web (www.emmsantiagodecompostela.com) e na web municipal (www.santiagodecompostela.gal) o número de prazas vacantes en cada especialidade instrumental e o plan formativo ao que corresponde (Escola de música infantil, Plan educativo xeral, Plan educativo para persoas adultas).

Período de preinscrición (do 13 de maio ao 10 de xuño de 2022): As persoas interesadas en matricularse deberán presentar a solicitude de preinscrición ben por medios electrónicos ou de xeito presencial con cita previa no Rexistro xeral do Concello de Santiago (Rúa do Presidente Salvador Allende 4, Galeras), ou en calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Para solicitar a cita no Rexistro Xeral do Concello de Santiago poden chamar ao teléfono 881 505 107 ou facelo a través da páxina web: <https://citaprevia.santiagodecompostela.gal/> Se presenta a solicitude a través da sede electrónica do Concello de Santiago (<https://sede.santiagodecompostela.gal/>) escolla o trámite "Inscrición na Escola Municipal de Música" dentro do catálogo de trámites dispoñible.

13. CENTROS CÍVICOS. Referencia: 2022/00006154T.

Solicitar á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para o ano 2022, unha subvención polo importe total de 9.500 €, con destino á Biblioteca Pública Municipal José Saramago.

Apróbase solicitar a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para o ano 2022, unha subvención polo importe total de 9.500 €, dos cales 3.500 € destínase a dotación de novidades editoriais en galego e 6.000 € a mellora das coleccións bibliográficas en formato físico con destino a Biblioteca Pública Municipal José Saramago.

14. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2022/00007157Z.

Dar conta da sinatura do convenio de colaboración entre o concello de Santiago de Compostela e "Bosques sen Fronteiras", para a incorporación á rede nacional de municipios amigos dos árbores.

Tómase coñecemento da sinatura do convenio de colaboración entre o concello de Santiago de Compostela e "Bosques sen Fronteiras", para a incorporación á rede nacional de municipios amigos dos árbores; con data de 31 de xaneiro de 2022.

15. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2022/00007157Z.

Dar conta das resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas.

Tómase coñecemento das resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas de datas 4 a 10 de febreiro de 2022.

URXENCIAS

14. Suspensión temporal do inicio das obras de estabilización de noiro e acondicionamento e mellora do vial na Rúa do Bidueriro (Vidán) ata o mes de xuño, de conformidade co disposto na resolución de Augas de Galicia pola que se autorizan as ditas obras.

Acórdase a suspensión temporal do inicio das obras de estabilización de noiro e acondicionamento e mellora do vial na Rúa do Bidueriro (Vidán) ata o mes de xuño de conformidade co disposto na resolución de Augas de Galicia pola que se autorizan as ditas obras.

O contrato reiniciarase unha vez que se adopte o acordo de levantamento da suspensión que lle será comunicado ao contratista.

15. Iniciar expediente por incumprimento das condicións do contrato suscrito coa empresa Kapsch Trafficom Transportation SA para a subministración, instalación e posta en funcionamento dunha serie de actuacións relacionadas coa mobilidade no marco do proxecto smartiago, divididas en dous LOTES diferenciados: Lote 2 Instalación de sistemas para supervisión e control de acceso guiado en zonas de aparcamento.

Acórdase:

1.- Iniciar un expediente por incumprimento das condicións recollidas no contrato suscrito coa empresa Kapsch Trafficom Transportation SA para a *subministración, instalación e posta en funcionamento dunha serie de actuacións relacionadas coa mobilidade no marco do proxecto smartiago, divididas en dous LOTES diferenciados: Lote 2 Instalación de sistemas para supervisión e control de acceso guiado en zonas de aparcamento.*

2.- Conservar todos os actos e trámites realizados no expediente de imposición de penalidades cuxa caducidade foi declarada por acordo da Xunta de Goberno do 7/02/2022, en concreto:

- Informe da Xefa do Servizo de Mobilidade do 15/04/2021
- A acta de recepción da subministración de data 30/07/2021
- O informe da Sección de Contratación de 13/10/2021 respecto da procedencia da imposición dunha penalidade tipificada como leve.

3.- Notificar este acordo a KAPSCH TRAFFICOM TRANSPORTATION SA e darlle un prazo de quince días hábiles para que presente as alegacións que considere. Durante este prazo estará á súa disposición o expediente, para os efectos de que consulte e solicite copia de todos os informes e documentación que considere.

16. Dación de conta do personamento do concello no PO 2345/2021 ante a sección oitava da sala do Contencioso-Administrativo da Audiencia Nacional.

Tómase coñecemento do personamento no PO 2345-2021, na Audiencia Nacional, no que Valdés Núñez, SL recorre contra a declaración de nulidade dunha resolución da Demarcación de Carreteras pola que se autorizaba unha estación de servizo no p.k, 72+700 da AP-9.

17. Dación de conta á Xunta de Goberno Local da sentenza recaída no procedemento SSS 734/2018 XS4 Coruña.

Tómase coñecemento da sentenza do procedemento SS 734/2018, desfavorable, pois condena ao Concello a aboar as prestacións por incapacidade temporal a un empregado municipal entre o 01.04 e o 30.09 de 2017.

18. Dación de conta á Xunta de Goberno Local da sentenza recaída no Procedemento Ordinario 344/2019 ditado polo Xulgado Contencioso Administrativo núm. 2.

Tómase coñecemento da sentenza do PO 344/2019, favorable, pois desestima o recurso presentado contra a licenza de rehabilitación e construción dun aparcadoiro de dúas alturas en Carreira do Conde, 10.

19. Dación á Xunta de Goberno Local da sentenza recaída no PO 21/2020 CA1.

Tómase coñecemento da sentenza PO 21/2020, favorable, pois desestima o recurso contra a denegación da legalización dunhas obras (o recorrente construíra unha piscina sen licenza en Laraño e logo tentou legalizala, o que lle foi denegado).

20. Dación de conta á Xunta de Goberno Local da sentenza recaída no PO 156/2021 CA1.

Tómase coñecemento da sentenza PO 156/2021, favorable, pois non admite o recurso presentado contra a resolución pola que se requiría a un debedor tributario, en fase de recadación executiva, para que designase bens para o pago da débeda.

21. Dación de conta á Xunta de Goberno Local da sentenza recaída no recurso de apelación 15012/2021 ditada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Tómase coñecemento da sentenza de apelación do PO 338/2019, desfavorable, pois estima o recurso presentado por Aries Real, SL contra unha liquidación do IIVTNU, que anula. A persoa demandante instaba a anulación da liquidación xirada en concepto de IIVTNU ao considerar que entre a adquisición da parcela, e a venda desta xa construída, o solo tiña sufrido unha baixada de valor.

22. Dación á Xunta de Goberno Local de sentenza recaída no PA 283/2021 CA2.

Tómase coñecemento da sentenza PA 283/2021, favorable, pois desestima o recurso contra unha liquidación do IIVTNU practicada por adquisición de bens procedentes dunha liquidación da sociedade de gananciais.

23. Dación de conta á Xunta de Goberno Local da sentenza recaída no Recurso Suplicación 1798/2021 ditada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Tómase coñecemento da citada sentenza de suplicación, parcialmente favorable, pois aínda que estima o recurso dunha empregada municipal contra a denegación do incentivo de xubilación por ser persoal laboral, estima a alegación do concello relativa ao procedemento de cálculo.

24. Adxudicación do servizo de Diagnose, reparacións urxentes e plan de mantento dos muros de caracter tradicional á empresa iPRENOR.

Acórdase

-Aprobar o gasto para o financiamento do contrato "Diagnose, reparación urxentes e plan de mantento dos muros de caracter tradicional". O dito gasto imputarase á aplicación orzamentaria 040 15320 2270600

- Adxudicar o servizo de Diagnose, reparacións urxentes e plan de mantento dos muros de caracter tradicional á empresa INGENIERÍA, MEDIO AMBIENTE Y PREVENCIÓN DEL NOROESTE SLU (iPRENOR), por importe de 38.565,54 euros máis 21% IVE; 8.098,76 euros, sendo a súa proposta a máis vantaxosa das presentadas.

- Comprometer e reanualizar, conforme ao art 96 do RXLCAP, o gasto necesario para dar cobertura a esta adxudicación que se financiará con cargo á aplicación orzamentaria 040 15320 2270600 conforme á seguinte anualidade e importe: anualidade 2022: 46.664,30 euros

25. Ampliación do prazo de selado do vertedoiro de Aríns.

Acórdase ampliar o prazo de execución da obra de selado do vertedoiro de Aríns ata o 18/03/2022.